

MATERIA

Cognición e Procesos Cognitivos na Lingua Inglesa

TITULACIÓN

Mestrado en Estudos Ingleses Avanzados
e as súas Aplicacións

unidade
didáctica
1

Introdución á psicolingüística: obxecto de estudo, métodos e principais debates

Iria de Dios Flores

Área de Filoloxía Inglesa

Departamento de Filoloxía Inglesa e Alemá

Facultade de Filoloxía

unidadesdidácticas
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA



DESCATALOGADO

Esta obra atópase baixo unha licenza Creative Commons BY-NC-SA 3.0. Calquera forma de reprodución, distribución, comunicación pública ou transformación desta obra non incluída na licenza Creative Commons BY-NC-SA 3.0 só pode ser realizada coa autorización expresa dos titulares, salvo excepción prevista pola lei. Pode acceder Vde. ao texto completo da licenza nesta ligazón:

<http://creativecommons.org/licenses/by-nc-sa/3.0/es/legalcode.gl>

© Universidade de Santiago de Compostela, 2015

Deseño e maquetación

J. M. Gairí

Edita

Servizo de Publicacións e intercambio científico
da Universidade de Santiago de Compostela
usc.es/publicacions

ISBN

978-84-16533-24-4

DOI

<http://dx.doi.org/10.15304/9788416533244>

MATERIA: Cognición e Procesos Cognitivos na Lingua Inglesa

TITULACIÓN: Mestrado en Estudos Ingleses Avanzados e as súas Aplicacións

PROGRAMA XERAL DO CURSO

Localización da presente unidade didáctica

Unidade I.

1. Introdución á psicolingüística: obxectivos e campo de aplicación da disciplina
 - 1.1. As orixes da psicolingüística
 - 1.2. Que estuda a psicolingüística?
 - 1.3. As metodoloxías utilizadas
2. Experiencia ou xenes?
 - 2.1. Skinner e Chomsky: o debate natureza/educación
 - 2.2. O innatismo hoxe
3. A bioloxía da linguaxe e adquisición da linguaxe
 - 3.1. A comunicación animal e as características da comunicación humana
 - 3.2. O cerebro humano e a linguaxe
 - 3.3. Aprendizaxe prenatal e etapas na adquisición da linguaxe

Unidade II. As palabras na mente: acceso léxico e significado

Unidade III. Comprensión sintáctica: memoria, toma de decisións e modelos de comprensión da linguaxe

Unidade IV. A produción da linguaxe: os modelos de produción da linguaxe

ÍNDICE

PRESENTACIÓN

OS OBXECTIVOS

1. Obxectivos xerais
2. Obxectivos específicos

A METODOLOXÍA

OS CONTIDOS BÁSICOS

1. Introdución á psicolingüística: obxectivos e campo de aplicación da disciplina
 - 1.1. As orixes da psicolingüística
 - 1.2. Que estuda a psicolingüística?
 - 1.3. As metodoloxías utilizadas
2. Experiencia ou xenes?
 - 2.1. Skinner e Chomsky: o debate natureza/aprendizaxe
 - 2.2. O innatismo hoxe
3. A bioloxía da linguaxe e adquisición da linguaxe
 - 3.1. A comunicación animal e as características da comunicación humana
 - 3.2. O cerebro humano e a linguaxe
 - 3.3. Aprendizaxe prenatal e etapas na adquisición da linguaxe

ACTIVIDADES PROPOSTAS

1. Actividades presenciais
2. Actividades non presenciais

AVALIACIÓN DA UNIDADE DIDÁCTICA

1. Avaliación inicial
2. Avaliación procesual
3. Autoavaliación final

BIBLIOGRAFÍA

PRESENTACIÓN

• Contextualización

A presente unidade didáctica (UD), titulada *Introdución á psicolingüística: obxecto de estudo, métodos e principais debates*, aborda os contidos iniciais da materia *Cognición e Procesos Cognitivos na Lingua Inglesa*. Trátase dunha materia do [Mestrado Universitario en Estudos Ingleses Avanzados e as súas Aplicacións](#); unha titulación interuniversitaria que é impartida polas tres universidades do Sistema Universitario de Galicia. Dito mestrado está fundamentalmente orientado á preparación de futuros investigadores, e constitúe o período de formación necesario que habilita ao alumnado para o acceso aos estudos de doutoramento. A materia *Cognición e Procesos Cognitivos na Lingua Inglesa*, para a cal se elabora esta UD, é unha das seis materias que compoñen o módulo de especialización en lingüística. No seu conxunto, pretenden ofrecer unha visión especializada e multidisciplinar sobre os principais eidos de investigación en lingüística; no caso da materia que nos ocupa, da psicolingüística.

• Xustificación

A psicolingüística, entendida como o estudo dos procesos a través dos cales a mente humana almacena e usa a linguaxe en tempo real, é unha disciplina relativamente nova, que emerxe a mediados do século pasado, coa irrupción da figura de Noam Chomsky, quen forzou aos seus colegas de profesión a afastarse da descrición minuciosa das múltiples estruturas que aparentemente compoñen as miles de linguas do mundo para preguntarse algo moito máis esencial: que é exactamente a facultade lingüística humana? A potencia intelectual de Noam Chomsky atraeu o interese de moitos psicólogos experimentais dos anos sesenta, que comezaron a testar os postulados teóricos dos lingüistas a través de experimentos nun laboratorio. Os avances das últimas dúas décadas, tanto en teoría lingüística como en neurociencia, fan posible que o eterno debate sobre a natureza da linguaxe poida ser abordado cada vez dun modo máis solvente. É neste contexto onde resulta unha necesidade incluír esta disciplina no plan de estudos dun mestrado de investigación en lingüística. A unidade didáctica *Introdución á psicolingüística: obxecto de estudo, métodos e principais debates* persegue dotar ao alumnado dun coñecemento básico da realidade psicolóxica da linguaxe humana, pois serve como unha introdución á disciplina e ás súas áreas de aplicación.

• Duración

A materia *Cognición e Procesos Cognitivos na Lingua Inglesa* ten unha duración de 3 créditos ECTS (Sistema Europeo de Transferencia de Créditos), correspondentes a un total de 75 horas, que teñen lugar durante o segundo semestre. A presente UD abrangue 26 horas das cales tan só seis serán presenciais. Nelas mesturárase a exposición de contidos teóricos coa discusión colectiva e a realización de actividades (para maior detalle, cf. “Metodoloxía”, páx. 7).

• Perfil dos destinatarios e requisitos previos

Como indica a [Memoria Oficial de Verificación do Título](#) (Mestrado en Estudos Ingleses Avanzados 2011: 7), poderá acceder ao mestrado, e polo tanto á materia *Procesos Cognitivos e Conduta na Lingua Inglesa*, calquera persoa que cursara os seus estudos superiores de licenciatura ou grado na rama de Artes e Humanidades. Tendo en conta o perfil de ingreso recomendado que se indica nela, os contidos desta unidade están deseñados para alumnado proveniente das titulacións de Filoloxía Inglesa, Estudos Ingleses, Lingüística ou Tradución, con alta inquietude, curiosidade e sensibilidade pola investigación, e coñecementos avanzados en lingüística.

Inda que o [programa da materia](#) (Acuña-Fariña et al. 2015) non establece ningún requisito previo para cursar a mesma, é un requisito do mestrado no seu conxunto que o alumnado teña unha alta capacidade (equivalente ao nivel C1 no Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas) para a comprensión e expresión oral e escrita en lingua inglesa. Trátase dun requisito imprescindible, xa que esta UD desenvolverase na súa totalidade en dita lingua. Así mesmo, o feito de teren superado satisfactoriamente as materias do módulo obrigatorio *Métodos e Recursos de Investigación Lingüística e a súa Aplicación á Lingua Inglesa e Modelos e Teorías Lingüísticas e a súa Aplicación á Lingua Inglesa*, será beneficioso para o aproveitamento desta UD.

OS OBXECTIVOS

1. Obxectivos xerais

A materia *Cognición e Procesos Cognitivos na Lingua Inglesa* artículase en torno a un obxectivo xeral de carácter conceptual:

- Coñecer os estudos de cognición e procesamento dentro da investigación en lingüística do inglés (Acuña-Fariña 2015).

Ao mesmo tempo, todas as unidades que conforman a materia -incluída esta mesma- responden a unha serie de obxectivos procedementais, actitudinais e tamén lingüísticos, relacionados coas competencias xerais do mestrado como así o indica a [Memoria Oficial de Verificación do Título](#) (Mestrado en Estudos Ingleses Avanzados 2011: 6-7) en canto á mellora de destrezas indispensables para seren futuros investigadores:

- Coñecer os principais recursos, ferramentas e metodoloxías de investigación en lingüística.
- Construír un espírito crítico que leve aos estudantes a considerar a pertinencia das investigacións existentes nas áreas de estudio que conforman os estudos ingleses.
- Presentar en público experiencias, ideas ou informes, así como emitir xuízos en función de criterios, normas externas ou reflexións persoais.
- Manexar a linguaxe académica e científica tanto sa súa vertente escrita como oral.
- Realizar traballos de investigación de carácter académico.

- Consolidar e desenvolver as súas competencias na lingua inglesa no uso falado e escrito.

2. Obxectivos específicos

Os obxectivos específicos desta UD pódense dividir en tres categorías en función da súa natureza:

Conceptual

- Coñecer as principais áreas de estudo da psicolingüística e as principais metodoloxías utilizadas.
- Comprender os argumentos e evidencias existentes a favor e en contra dos distintos postulados en torno a adquisición da linguaxe.
- Identificar as áreas cerebrais máis relevantes implicadas na facultade da linguaxe.
- Distinguir as distintas etapas da adquisición da linguaxe.
- Describir as características da comunicación animal en contraposición ás da comunicación humana.

Procedemental

- Interpretar artigos de investigación cun alto nivel de complexidade e especificidade.
- Identificar as decisións metodolóxicas dun estudo experimental e avaliar a súa adecuación.
- Transmitir contidos científicos de maneira oral, individualmente ou en grupo.
- Manexar correctamente os conceptos teóricos e metodolóxicos da disciplina.

Actitudinal

- Espertar inquiredanzas polos mecanismos cognitivos que se ocupan do procesamento da linguaxe.
- Ser consciente de que o espírito crítico e a imaxinación son calidades necesarias para a investigación.
- Xestionar o traballo en grupo de maneira equilibrada entre os membros, sabendo respectar distintas opinións e maneiras de facer.
- Valorar importancia da colaboración intelectual.

A METODOLOXÍA

Unha das principais características que define esta unidade didáctica é que consiste nunha contextualización e introdución á disciplina da psicolingüística. Ben se os contidos da materia están divididos en seis temas, é importante destacar que os

primeiros tres temas (os que forman parte desta UD) están enfocados como unha introdución aos tres últimos. O principio metodolóxico fundamental desta UD será a combinación da exposición de contidos teóricos coa interacción, fomentando o debate e a discusión, que será unha constante ao longo das sesións. Isto conseguirase mediante a introdución de distintas actividades intercaladas coas explicacións teóricas.

Todas as sesións terán lugar co apoio dunha presentación con diapositivas na que aparecerán, ademais dos contidos teóricos, as actividades de interacción (preguntas de debate, vídeos, pequenos textos, etc). A lingua vehicular da UD será o inglés, e polo tanto, tamén estarán nesta lingua todos os materiais. É importante destacar que os contidos e as actividades propostas están deseñados para un número pequeno de alumnos (entre cinco e dez, tendo en conta as cifras de anos anteriores), o cal facilita mesturar situacións expositivas e interactivas.

O campus virtual será un piar fundamental para o apoio da aprendizaxe autónoma. A través del facilitaranse as presentacións de diapositivas ou calquera outro material utilizado na aula. As lecturas obrigatorias, lecturas opcionais, ligazóns de interese e exercicios estarán tamén dispoñibles a través desta plataforma, na que haberá un foro para compartir novas de interese ou preguntar dúbidas.

• Temporalización e distribución dos créditos

A unidade didáctica abrangue un total de 26 horas. O *Mestrado Universitario en Estudos Ingleses Avanzados e as súas Aplicacións* é unha titulación semipresencial, polo que só unha parte das horas (seis, neste caso) serán presenciais, co/a docente e o resto do alumnado. As 20 restantes están organizadas de modo que o alumnado desenvolverá traballo autónomo (individualmente ou en grupo). A realización desta unidade didáctica terá lugar ao longo de tres sesións de dúas horas. A seguinte táboa reflicte a distribución da carga ECTS da unidade didáctica no contexto da materia:

	HORAS PRESENCIAIS	HORAS NON PRESENCIAIS	TOTAL
UNIDADE DIDÁCTICA	6	26	32
MATERIA	14	61	75

No que atinxe á distribución temporal dos créditos non se programa un número específico de sesións de tutoría dirixidas, xa que ao tratarse das primeiras horas de contacto tanto co/a docente como coa materia, enténdese que terán lugar máis adiante.

• Temporalización e distribución dos contidos

Unha coidadosa planificación dos contidos e das actividades faise imprescindible no contexto desta UD, non só debido ao reducido número de horas de contacto na aula,

senón tamén co fin de cumprir o principio metodolóxico fundamental: a mestura de exposición de contidos e interacción. A seguinte táboa mostra de maneira esquemática como serán articulados:

	CONTIDOS
1ª SESIÓN	1. Introdución á psicolingüística: obxectivos e campo de aplicación da disciplina 1.1. As orixes da psicolingüística 1.2. Que estuda a psicolingüística? 1.3. As metodoloxías utilizadas
2ª SESIÓN	2. Experiencia ou xenes? 2.1. Skinner e Chomsky: o debate natureza/educación 2.2. O innatismo hoxe
3ª SESIÓN	3. A bioloxía da linguaxe e adquisición da linguaxe 3.1. A comunicación animal e as características da comunicación humana 3.2. O cerebro humano e a linguaxe 3.3. Aprendizaxe prenatal e etapas na adquisición da linguaxe

Como se pode observar, cada un dos temas ocupará unha das tres sesións nas que se estende esta UD, nas que tamén terán lugar as actividades presenciais. O apartado destinado ás actividades propostas (páx. 12) desenvolve con claridade o tipo de actividades e a finalidade que se pretende acadar con cada unha delas.

OS CONTIDOS BÁSICOS

A continuación preséntanse de maneira resumida os contidos básicos dos distintos apartados que conforman os tres temas nos que se estrutura esta UD. A meirande parte dos contidos desta unidade son abordados de maneira precisa e extensa nas distintas lecturas obrigatorias. A presente sección non pretende mostrar unha visión exhaustiva dos mesmos, senón unha presentación concisa acompañada de recomendacións bibliográficas adicionais destinadas a aquelas persoas que desexen máis material.

1. Introdución á psicolingüística: obxectivos e campo de aplicación da disciplina

A finalidade deste tema é a de presentar unha visión atractiva do eido de aplicación da psicolingüística. Está dividido nas seguintes subseccións:

1.1. As orixes da psicolingüística

Centrarémonos neste punto na exposición dos traballos fundacionais xunto cunha breve revisión da historia da disciplina, en especial, a partires dos anos cincuenta do século pasado. Neste contexto terá lugar a primeira lectura obrigatoria da unidade didáctica (Kess 1992: 13-29), que proporciona unha revisión moi clara da historia, dividida en catro principais períodos: o período constituínte, o lingüístico, o cognitivo e o que el chama o período da Ciencia Cognitiva. Adicionalmente, recoméndase a lectura de Garnham et al. (2006: 1-18), xa que, a diferenza de Kess (1992), abrangue ata a actualidade por seren máis recente. Aqueles estudantes que desexen información sobre o que aconteceu con anterioridade aos anos cincuenta, poden consultar Levelt (2013), que proporciona unha visión moi detallada da disciplina antes do que se coñece como a Revolución Cognitiva.

1.2. Que estuda a psicolingüística?

Tendo en conta que a psicolingüística é unha ciencia interdisciplinar na que conflúen intereses procedentes de diversos eidos das ciencias cognitivas (a lingüística, a psicoloxía, a neuroloxía, a filosofía, etc.), nesta subsección farase unha presentación das principais áreas de estudo e as principais preguntas das que se ocupa: como se adquire a linguaxe? como procesa o ser humano a linguaxe tanto para a comprensión como para a produción? cales son os aspectos evolutivos e patolóxicos da linguaxe?

1.3. As metodoloxías utilizadas

Unha vez presentada a historia e as áreas de aplicación da disciplina trataremos as principais metodoloxías utilizadas, pois diverxen de maneira fundamental daquelas utilizadas nos estudos de lingüística tradicional. Inda que non son as únicas, trataremos os xuízos de aceptabilidade, a lectura auto-administrada, o seguimento dos ollos (*Eye Tracking*) e os potenciais evocados (*Event-Related Potentials*). Despois dunha exposición por parte do/a docente, o alumnado terá que realizar unha presentación oral dun artigo de investigación no que se utilice un destes métodos (para máis información ver a sección “Actividades propostas” da UD). Para dita presentación, recoméndase ler Kaiser (2013) e/ou Mitchell (2004), ademais de facilitárselles as seguintes referencias adicionais de consulta:

- Xuízos de aceptabilidade: Schütze e Sprouse (2013)
- Lectura auto-administrada: Mitchell (2004: 18-29)
- Eye tracking: Holmqvist *et al.* (2011)
- ERPs: Luck (2014:1-50)

2. Experiencia ou xenes?

Este segundo tema centrarase nun dos principais debates da psicoloxía da linguaxe e da ciencia cognitiva en xeral. Nas verbas de Ray Jackendoff: *why are we the way we*

are? are we born that way or are we products of our environment? or some mixture? (Jackendoff 1994: 3). A lectura obrigatoria será precisamente Jackendoff (1994: 3-35).

2.1. Skinner e Chomsky: o debate natureza/aprendizaxe

Nunha primeira parte de exposición de contidos teóricos, presentaranse as dúas principais teorías sobre a adquisición da linguaxe: o condutismo e o innatismo, o que se coñece no ámbito anglófono como a disputa *nature/nurture* (natureza/educación). O innatismo responde á idea de que a linguaxe é unha habilidade innata, para a cal o cerebro humano está bioloxicamente pre-programado. Un dos expoñentes deste modelo é o lingüista Noam Chomsky, a cuxa teoría, coñecida como a Gramática Universal (Chomsky 1965), dedicáraselle gran parte desta subsección. Pola outra banda, presentaranse os postulados do psicólogo americano B. F. Skinner, principal expoñente do condutismo, que define a capacidade humana da linguaxe como a consecuencia da nosa capacidade cognitiva como especie unida ao feito de seren seres extremadamente sociais (Skinner 1957). A lectura adicional recomendada neste senso é Bates (2003).

2.2. O innatismo hoxe

Para rematar este segundo tema de contidos introdutorios, ampliaremos as teorías expostas no apartado 2.1. cunha actualización da evolución das ideas do innatismo dende as súas orixes, centrándonos fundamentalmente en Pinker (1994). Terán tamén gran importancia as ideas expostas en Goldberg (2006, 2008), onde se sinalan as controversias que rodean á teoría da Gramática Universal e se disputa a súa necesidade.

3. A bioloxía da linguaxe e adquisición da linguaxe

Unha vez presentada a disciplina e un dos seus debates centrais (a saber, *nature/nurture*), abordaremos brevemente a bioloxía da linguaxe (a comunicación animal e humana e as áreas cerebrais implicadas na linguaxe) e a adquisición da linguaxe (a aprendizaxe prenatal e as etapas de adquisición do neno). Este último tema artículase nas seguintes subseccións:

3.1. A comunicación animal e as características da comunicación humana

A terceira e última lectura obrigatoria desta UD xira en torno ao tema da comunicación animal en contraposición á comunicación humana. Será Aitchison (2011: 17-39). Definiremos as súas características e revisaremos distintos experimentos nos cales se intentou instruír a animais no manexo da linguaxe humana.

3.2. O cerebro humano e a linguaxe

Seguidamente, e moi relacionado coa subsección anterior, introduciranse as principais áreas cerebrais implicadas na linguaxe. Non se fará un fincapé excesivo, posto que se trata dun tema moi especializado e complexo, e non dispoñemos de tempo suficiente como para afondar nel. Porén, enténdese que unha formación básica nestas cuestións é imprescindible nunha UD de introdución á psicolingüística.

3.3. Aprendizaxe prenatal e etapas na adquisición da linguaxe

En relación con esta última subsección exploraremos os procesos de adquisición da linguaxe. Traballaremos de preto coas investigacións que tiveron lugar ao redor da aprendizaxe prenatal no que ten que ver coa linguaxe a través de Altmann (1997: 10-21), a cal se recomenda como unha lectura adicional moi interesante. Finalmente, os contidos desta UD concluirán cunha breve explicación das distintas etapas que se poden identificar na adquisición da linguaxe. O alumando que desexe saber máis sobre o tema pode consultar a clásico libro de Brown (1973).

ACTIVIDADES PROPOSTAS

A continuación procédese a describir as distintas actividades que acompañan esta UD. Están divididas en función de se terán lugar na aula (presenciais), ou se están destinadas ao traballo autónomo individualmente ou en grupo (non presenciais). As actividades non presenciais concentran unha gran parte do traballo desta UD (cf. “Metodoloxía”), e consisten principalmente na lectura de artigos e capítulos de libros.

1. Actividades presenciais

Actividades interactivas

- Breve discusión inicial: tódalas sesións comezarán cunha breve discusión, para entrar en materia, sobre a lectura obrigatoria correspondente ao tema. O alumando terá que preparar con anterioridade preguntas ou comentarios de interese en relación coas mesmas. Esta actividade será de especial relevancia para resolver posibles dúbidas e avaliar se o alumnado realizou as lecturas.
- Visualización de vídeos curtos: utilizaremos distintos vídeos para ilustrar algunhas das cuestións expostas, que irán acompañados dun pequeno cuestionario.
- Reflexións sobre pequenos textos: respondendo á intención de fomentar de maneira constante o debate e a interacción, distintos fragmentos de textos serán incluídos ao longo da presentación dos contidos teóricos co fin de iniciar discusións e afondar en certos aspectos.

Actividades expositivas

- Presentacións orais a modo de resumo de artigos de investigación: en relación co primeiro bloque de contidos desta UD, o alumnado terá que realizar unha presentación en grupo a modo de resumo dun artigo de investigación. A finalidade desta actividade é que alumnado se familiarice coas distintas metodoloxías expostas na aula. É por isto que dita presentación oral terá que responder ás seguintes preguntas: cal é o fenómeno estudado? cal é o método empregado? por que se adecúa ao obxecto de estudo? que resultados proporciona?

2. Actividades non presenciais

- Lecturas obrigatorias: tres lecturas obrigatorias serán facilitadas con anterioridade ao inicio da unidade didáctica e terán que ser lidas antes da sesión coa cal se corresponden. Os estudantes terán que formular polo menos unha pregunta de cada unha das lecturas para tratar durante a discusión inicial. A distribución por sesións é a seguinte:
 - Primeira sesión: KESS, Joseph F. 1992. Psycholinguistics: Psychology, linguistics, and the study of natural language. Amsterdam: John Benjamins. 13-29
 - Segunda sesión: JACKENDOFF, Ray. 1993. Patterns in the mind. New York: Harvester Wheatsheaf. 3-35
 - Terceira sesión: AITCHISON, Jean. 2011. The articulate mammal. London: Unwin Hyman. 17-39
- Traballo en grupo: o alumnado terá que organizarse para preparar en grupo a presentación oral anteriormente mencionada. As presentacións terán lugar durante a última sesión presencial, e cada unha delas terá que ver cunha das catro metodoloxías explicadas na aula. A distribución dos temas e artigos por grupos é a seguinte:
 - Grupo 1. Xuízos de aceptabilidade: Waters & Caplan (1996)
 - Grupo 2. Lectura auto-administrada: Grodner & Gibson (2005)
 - Grupo 3. Eye tracking: Frazier & Rayner (1982)
 - Grupo 4. ERPs: Kutas & Hillyard (1980)

AVALIACIÓN DA UNIDADE DIDÁCTICA

O [programa da materia](#) da que forma parte esta unidade establece os seguintes criterios de avaliación (Acuña-Fariña 2015):

	PORCENTAXE NA NOTA FINAL
PARTICIPACIÓN ACTIVA	20%
TRABALLOS DO CURSO	60%
DESTREZA NA EXPRESIÓN ORAL E ESCRITA	20%

A avaliación da unidade didáctica, tendo en conta que a asistencia é obrigatoria, seguirá as porcentaxes especificadas na táboa anterior, e os resultados obtidos sumaranse ao resto de unidades que conforman a materia para o cómputo da nota final requirida para superar a mesma. O proceso de avaliación desta unidade constará de tres partes: avaliación inicial, avaliación procesual, e autoavaliación final.

1. Avaliación inicial

A avaliación inicial consiste nun test (tipo resposta múltiple ou verdadeiro/falso) de 10 preguntas xerais sobre os contidos que serán tratados na unidade didáctica. Será administrada a través do campus virtual unha semana antes do comezo da materia, antes de facilitarlle ao alumnado as lecturas obrigatorias. A avaliación inicial servirá como indicador dos coñecementos previos sobre psicolingüística cos que o alumnado accede ao mestrado. Será unha actividade obrigatoria e a súa realización (con independencia da cualificación obtida) será computada dentro do 60% correspondente aos traballos do curso.

2. Avaliación procesual

A materia *Cognición e Procesos Cognitivos na Lingua Inglesa* non comporta a realización de exame final, polo que os conceptos e as ferramentas teórico-prácticas adquiridas durante a mesma serán avaliados dun modo procesual. Segundo as porcentaxes xerais para avaliar a materia, a realización das actividades propostas para esta unidade didáctica pasará a formar parte do 60% correspondente aos traballos do curso. Tendo en conta os obxectivos xerais e específicos, valorarase o manexo correcto dos conceptos abordados na UD, e o uso da linguaxe académica e científica á hora de construír e defender argumentos. A corrección e adecuación lingüística dos traballos comportará un 20% a maiores. Esta decisión responde a un dos obxectivos xerais anteriormente enunciados, que ten que ver coa consolidación das competencias na lingua inglesa no uso falado e escrito. Ademais, tendo en conta que a interacción na aula será determinante para o cumprimento dos obxectivos desta unidade didáctica, a participación activa durante as sesións valorarase ata un máximo do 20%.

3. Autoavaliación final

Ao final da materia, o alumnado terá que contestar de novo as preguntas do test da avaliación inicial. Desta vez, ao final do test, as respostas correctas poderán ser consultadas, para servir así de indicador para o propio alumnado da correcta adquisición dos contidos, ou das dúbidas persistentes ao remate da unidade. De novo, a súa realización será obrigatoria ao tratarse dun traballo do curso.

BIBLIOGRAFÍA

- ACUÑA FARIÑA, Carlos. 2015. *Programa da materia Cognición e Procesos Cognitivos na Lingua Inglesa*. Santiago de Compostela: USC. En <https://www.usc.es/gl/departamentos/flinglale/materia.html?materia=89080> [citado 30 agosto 2015].
- AITCHISON, Jean. 2011. *The articulate mammal*. London: Unwin Hyman. <http://dx.doi.org/10.4324/9780203828243>
- ALTMANN, Gerry T.M. 1997. *The ascent of Babel: An exploration of language, mind, and understanding*. Oxford: Oxford University Press. <http://dx.doi.org/10.1093/acprof:oso/9780198523772.001.0001>
- BATES, Elizabeth. 2003. On the nature and nurture of language. En Rita LEVIMONTALCINI, David BALTIMORE, Renato DULBECCO, & François JACOB (eds. serie) e Emilio BIZZI, Pietro CALISSANO, & Virginia VOLTERRA (eds. volume): *Frontiers of biology. The brain of homo sapiens*. Roma: Istituto della Enciclopedia Italiana fondata da Giovanni Treccani. 241-265.
- BROWN, Roger. 1973. *A first language: The early stages*. Cambridge, MA: Harvard University Press. <http://dx.doi.org/10.4159/harvard.9780674732469>
- CHOMSKY, Noam. 1965. *Aspects of the theory of syntax*. Cambridge, Massachusetts: MIT Press
- FRAZIER Lyn & Keith RAYNER. 1982. Making and correcting errors during sentence comprehension: Eye Movements in the Analysis of Structurally Ambiguous Sentences. *Cognitive Psychology*, 14, 178-210. [http://dx.doi.org/10.1016/0010-0285\(82\)90008-1](http://dx.doi.org/10.1016/0010-0285(82)90008-1)
- GARNHAM, Alan, Simon GARROD & Anthony SANFORD. 2006. Observations on the Past and Future of Psycholinguistics. En TAXLER, Matthew & Morton A. GERNSBACHER (eds.): *Handbook of Psycholinguistics*, 2ª edición. Londres: Elsevier. <http://dx.doi.org/10.1016/b978-012369374-7/50002-x>
- GOLDBERG, Adele. 2006. *Constructions at Work: the nature of generalization in language*. Oxford University Press, Oxford 2006. <http://dx.doi.org/10.1093/acprof:oso/9780199268511.001.0001>
- . 2008. Universal Grammar? Or prerequisites for natural language? *Behavioral and Brain Sciences*, 31/5, 522- 523. <http://dx.doi.org/10.1017/S0140525X0800513X>
- GRODNER, Daniel & EDWARD Gibson. 2005. Consequences of the serial nature of linguistic input. *Cognitive Science*, 29, 261-291. http://dx.doi.org/10.1207/s15516709cog0000_7
- HOLMQVIST, Kenneth, Marcus NYSTROM, Richard ANDERSSON, Richard DEWHURST, Halszka JARODZKA & Joost VAN DE WEIJER. 2011. *Eye Tracking: A comprehensive guide to methods and measures*. Oxford: Oxford University Press.
- JACKENDOFF, Ray. 1993. *Patterns in the mind*. New York: Harvester Wheatsheaf.
- KAISER, Elsi. 2013. Experimental paradigms in psycholinguistics. En ROBERT J. Podesva & Devyani SHARMA (eds.): *Research methods in linguistics*. Cambridge: Cambridge University Press. 135-168.

- KESS, Joseph F. 1992. *Psycholinguistics: Psychology, linguistics, and the study of natural language*. Amsterdam: John Benjamins. <http://dx.doi.org/10.1075/cilt.86>
- KUTAS, Marta & Steven A. HILLYARD. 1980. Reading senseless sentences: Brain potentials reflect semantic incongruity. *Science*, 207: 203–208. <http://dx.doi.org/10.1126/science.7350657>
- LEVELT, Willem J. M. 2013. *A history of psycholinguistics. The pre-Chomskyan era*. Oxford: Oxford University Press. <http://dx.doi.org/10.1093/acprof:oso/9780199653669.001.0001>
- LUCK, Steven J. 2014. *An introduction to the Event-Related Potential technique*, 2ª edición. Cambridge, MA: MIT Press.
- MESTRADO EN ESTUDOS INGLESES AVANZADOS. 2011. *Memoria oficial de verificación do título*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela; Vigo: Universidade de Vigo; A Coruña: Universidade da Coruña. En http://www.imaes.eu/wp-content/uploads/2014/10/P5201_Master_Estudos_Ingleses.pdf [citado 30 agosto 2015].
- MITCHELL, Don C. 2004. On-line methods in language processing: Introduction and historical review. En Manuel CARREIRAS & Charles E. CLIFTON (eds.): *The on-line study of sentence comprehension: Eyetracking, ERP and beyond*. New York: Psychology Press. 15-32.
- PINKER, Steven. 1994. *The language instinct*. London: Penguin.
- SCHÜTZE, Carson T. & Jon SPROUSE. 2013. Judgement data. En Robert J. PODESVA & Devyani SHARMA (eds.): *Research methods in linguistics*. Cambridge, CUP.
- SKINNER, Burrhus Frederic. 1957. *Verbal behavior*. New York: Appleton Century-Crofts.
- WATERS, Gloria S. & David CAPLAN. 1996. Processing resource capacity and the comprehension of garden path sentences. *Memory and Cognition*, 24, 342-355. <http://dx.doi.org/10.3758/bf03213298>



Unha colección orientada a editar materiais docentes de calidade e pensada para apoiar o traballo do profesorado e do alumnado de todas as materias e titulacións da universidade

unidadesdidácticas
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

